

## MODIFICACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN MÚSICA E.P.

### 1. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

#### A. Probas específicas e prácticas musicais (Contidos): 60% da nota final.

Á súa vez, esta nota obtense da realización das distintas prácticas musicais programadas (instrumental, vocal, corporal,...), que supoñen o 75% desta nota e tamén se inclúe a realización dunha proba escrita ou interactiva de resumo do trimestre, que se computa no restante 25%.

#### B. Traballos e tarefas: 25%.

Da media aritmética obtida da puntuación das tarefas realizadas no día a día e tamén dos traballos establecidos para cada trimestre, extráese esta nota.

#### C. Actitude, iniciativa e implicación: 10%.

A puntuación relativa a este apartado resulta da avaliación a través dunha rúbrica específica.

#### D. Traballos voluntarios: 5%.

Contéplase a participación voluntaria dos alumnos para fomentar a iniciativa propia, valorando as distintas aportacións e establecendo unha media aritmética final total.

Aspectos	Porcentaxe	Instrumentos
A. Contidos	60%	Media aritmética de probas e exames
B. Traballos e tarefas	25%	Media aritmética de exercicios e prácticas
C. Actitude, iniciativa e implicación	10%	Rúbrica
D. Traballos voluntarios	5%	Media aritmética dos traballos entregados
	<b>Nota</b>	

### 2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tal e como se contemplan na PD dispoñemos de diario de aula, escalas de observación, rúbricas. Todos os datos serán recollidos a través da **app específica Additio**, día a día.

### 3. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- a. Partimos dunha **avaliación continua**.
- b. As notas dos distintos apartados sempre terán **valor sumativo**, segundo as porcentaxes establecidas.

- c. Os **resultados da avaliación** expresaranse segundo establece o currículo oficial<sup>1</sup> do seguinte xeito:

Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaínte
1, 2, 3 ou 4	5	6	7 ou 8	9 ou 10

- d. A aplicación do **redondeo** realizarase seguindo a lexislación educativa actual, redondeando á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior<sup>2</sup>.
- e. A **nota final do curso** obterase a través da realización da media aritmética das tres avaliacións.
- f. Existirá a posibilidade de **recuperar as avaliacións suspensas** a través da realización de traballos, probas ou prácticas dos aspectos nos que exista maior dificultade e terá o peso establecido na táboa anterior.
- g. No caso dun posible **confinamento individual**, a avaliación tentará non supor ningún agravio comparativo co resto do alumnado asistente, realizándose de xeito parello e semellante á práctica presencial e adaptando os recursos.
- h. Ante a posibilidade de afrontar un curso coa **materia suspensa** do curso anterior, darase por aprobada ao superar o primeiro trimestre do curso actual.
- i. Se se dera un caso de **exame fraudulento** (por copiar, coñecer a proba previamente...) a nota será directamente o Insuficiente (1).

---

<sup>1</sup> Decreto 105/2014, de 4 de setembro polo que se establece o currículo para a Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9/9/2014).

<sup>2</sup> *Ibid.*